

HOW CAN I HELP YOU?
VERTIXE SONORA

HOW CAN I HELP YOU?

ensemble, playback e vídeo

(2024) Estrea absoluta

Co apoio de OSCIC (Oficina de Suport a la Iniciativa Cultural, Generalitat de Catalunya)

José del Avellanal

What answer would please you most

i. Synthetic therapist

ii. You feel real to me

ensemble e playback

Bernat Pont

I have a crush

ensemble e vídeo

José del Avellanal

What answer would please you most

iii. Typing...

iv. it's a black box

ensemble e playback

VERTIXE SONORA

Mariona Anglada, DAISY (actriz) | **Ana Sánchez**, violín | **Pablo Coello**, saxofón | **Iago Ríos**, trombón | **Henrique Almeida**, guitarra eléctrica | **Carlos Méndez**, contrabaixo | **David Durán**, teclados | **Diego Ventoso**, percusión | **José del Avellanal** e **Bernat Pont**, electrónica, vídeo e iluminación | **Laia Pont**, asistente de iluminación e renderización 3D

how i can help you? xorde da fascinación por ELIZA, o software creado por Joseph Weizenbaum no MIT nos anos 60 co obxectivo de estudar a comunicación entre humanos e ordenadores. Unha versión do programa acadou gran popularidade na época, propoñendo unha relación psicoterapeuta-paciente entre ordenador e usuario.

Debido á súa relativa sofisticación no recoñecemento de patróns, conseguiu convencer a un gran número de usuarios de que se estaban comunicando cunha persoa real. Foi un dos primeiros programas da historia en superar a proba de Turing.

O gran éxito de ELIZA na replicación da conversación natural e a sobreestimación das súas posibilidades por parte dos seus usuarios levaron a Weizenbaum a publicar en 1966 un famoso artigo no que desmitificaba o programa e explicaba o seu funcionamento.

Dividido en cinco partes, nunha reflexión sobre intelixencia artificial e comunicación, o espectáculo foi desenvolvido en exclusiva para Vertixe Sonora polos creadores José del Avellanal Carreño e Bernat Pont, que propoñen unha interacción home-máquina que conecta Chat GPT coas primeiras experiencias de IA.

VERTIXE SONORA

Desde a súa presentación en 2011 en Santiago de Compostela, Vertixe Sonora ofreceu preto de 250 concertos e máis de 300 estreas absolutas de compositores e compositoras de medio cento de países. Máis dunha década de producións propias e actuacións en diferentes festivais e ciclos de España. O seu recoñecemento internacional permitiulle presentarse en escenarios de Alemaña, Estados Unidos, Francia, Hong Kong, Italia, México, Portugal, Suecia, Suíza e Sudáfrica. Premio Martín Códax 2016 de Música clásica contemporánea, o seu labor foi recollido nos documentais Sonutopias (campUSCulturae da Universidade de Santiago de Compostela, 2014), Correspondencias Sonoras e A lira do deserto (Manuel del Río, 2013 e 2020), o último en conmemoración do 60 aniversario do nacemento do compositor Enrique X. Macías. Ademais do CD coas obras finalistas do XXVI Premio Jóvenes Compositores Fundación SGAE-CNDM, rexistrou para WERGO o ciclo Die Wanderung da compositora Lula Romero, e para o selo NEOS The Dimension of the Fragile, monográfico sobre o compositor Víctor Ibarra. Tamén para NEOS foi rexistrado durante o 2022 un monográfico do compositor colombiano Camilo Méndez publicado no 2023.

Joseph Weizenbaum (1923, Berlín-2008, Ludwigsfelde).

Informático e autor cuxa influencia, fonda e controvertida, no campo da intelixencia artificial (IA) foi profesor emérito de Informática do Instituto Tecnolóxico de Massachusetts e considerado un dos pais da cibernética, a súa creación máis famosa, ELIZA, foi un dos primeiros programas en demostrar a capacidade dunha máquina para interactuar cos seres humanos dun xeito que parecía comprensivo e sensible. Non obstante, a pesar das súas contribucións ao desenvolvemento da IA, Weizenbaum tamén foi un feroz crítico da forma en que se utilizaba a tecnoloxía e das promesas esaxeradas dos seus colegas.

José del Avellanal (Madrid, 1998)

Compositor, cantante e intérprete afincado en Suíza. O seu traballo, que presenta unha crecente fascinación pola creación multimedia e a teatralidade, explora a narrativa musical, as tecnoloxías imperfectas, o xesto físico e musical e a exploración do «humano» no ámbito musical. A súa música foi interpretada, entre outros, por Les Percussions de Strasbourg, Ex-Sentia Ensemble, Arxis Ensemble, Ensemble Shockwave, Philipp Lamprecht (Meitar Ensemble), Oliver Janes (BCMG), Ausiàs Garrigós Morant (Riot Ensemble), Weston Olencki e a RNCM Brand New Orchestra; e presentouse en festivais como Resis (A Coruña), CEME (online desde Tel Aviv, Israel) e Foresty (Montaldeo, Italia). Foi galardoado co premio de música no festival WE:NOW (2022) e co RNCM Creative Innovator Award (2021). A súa actividade como cantante céntrase principalmente na música contemporánea, incluíndo a estrea absoluta de obras de Éliane Radigue, Jiwon Seo, Ali Latif Shushtari, BUREAU BUREAU, Ezequiel Capellano e propias. Tamén ten unha ampla experiencia como cantante coral, xa que cantaba en todo o Reino Unido e no estranxeiro co RNCM Chamber Choir, onde participou como coro tenor principal. Completou o Mestrado de Práctica Creativa de Composición na Hochschule der Künste Bern, con Simon Steen-Andersen e Franziska Baumann que, xunto a Daniel Glorer, tamén foron os seus mestres de canto. Previamente estudou composición no Royal Northern College of Music con Emily Howard e Steven Daverson, graduándose con honores de primeiro nivel.

Bernat Pont (Barcelona, 1998)

Compositor e intérprete interesado en crear novas experiencias artísticas a través do humor, o impacto e o amor. Nos seus proxectos traballa co son, a imaxe e a narrativa para crear espectáculos de pop experimental contemporáneos, emocionais, performativos, multidisciplinares, humorísticos e serios. Como compositor colaborou con conxuntos como Ensemble Shockwave, Ensemble Vortex, Kebyart Ensemble, Neue Vocalsolisten, Proxima Centauri, entre outros. Como intérprete actuou en proxectos musicais de Arda Yurdusev, Corentin Barro, Ludmilla Mercier, Violeta García e en espectáculos musicais propios. É membro de BMC3io, un grupo de improvisación libre que combina pop, música clásica contemporánea, música electrónica e performance. Ademais, forma parte de Cocaine Hippos, grupo de música experimental con João Calado, Mireia Pellisa Martín e Severin Dornier. Recibiu o KÖSTER-PREIS no festival en tempo real de Bremen pola produción de SWANGATE: un encontro sobre cantos de paxaros e animatrónica. Graduado no Mestrado en Práctica Creativa da Composición na Hochschule der Künste Bern, previamente estudou composición na Escola Superior de Música de Catalunya e o Programa Cursos de Composición e Música por Informática no IRCAM.